



## ANUNCIO

Con data 6 de novembro de 2017 se dita resolución de Alcaldía, aos efectos de licitación da obra "**Mellora da Eficiencia Enerxética no Alumeado do Parque Empresarial de Areas, Tui**", nos seguintes termos:

### **“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

#### **CONVOCATORIA DA MESA DE CONTRATACIÓN DA OBRA “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO ALUMEADO DO PARQUE EMPRESARIAL DE AREAS, TUI”**

Vista a Resolución de data 3 de novembro de 2017, pola cal se dispón convocar á Mesa de Contratación ao advertirse que existen defectos tanto na comunicación a algún dos licitadores, como na publicidade do requirimento ás empresas cuxa oferta pode ser considerada desproporcional ou anormal para que xustifique a valoración.

Visto que se detectou erro na data da convocatoria, e para continuar coa tramitación do expediente, esta Alcaldía-Presidencia, no uso das competencias conferidas pola lexislación vixente, **RESOLVE:**

**PRIMEIRO.-**Convocar á Mesa de Contratación, en acto non público, para o vindeiro, **martes, día 7 de novembro de 2017, ás 8:30 horas na Sala de Concelleiros,** a efectos de:

1º.- Posta en coñecemento do informe emitido polo arquitecto técnico municipal sobre a documentación presentada polas empresas que incorren en baixa temeraria e que atenderon ao requirimento e acordo da Mesa de Contratación aos efectos e admisión de propostas económicas presentadas.

2º.- Outorgamento de puntuacións ás empresas admitidas á licitación e proposta da Mesa de Contratación de oferta máis vantaxosa.

**SEGUNDO.-** Facer pública a presente convocatoria mediante a súa publicación no Taboleiro de anuncios do Concello e no perfil do contratante.

**TERCEIRO.-** Dar traslado da presente Resolución de Alcaldía aos membros da Mesa de Contratación designados, ós Departamentos de Secretaría e Intervención e ó Pleno Corporativo na vindeira sesión que se celebre."

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Tui, O Sr. Alcalde, Carlos Vázquez Padín.

Documento asinado dixitalmente.